



ÍNDICE - SUMARIO



N.º 225

Volume XLV

novembro-decembro 2021

Guieiro

por Pedro Castelao 3

XXXV Foro Encrucillada

Teoloxía Política do papa Francisco
por José María Fernández Vázquez 5

Estudos

A teoloxía política de Francisco
por Carlos García de Andoin 9

A economía de Francisco
por Sebastián Mora Rosado 36

O pensamento social e ecolóxico do Papa Francisco na encíclica *Laudato Si'*. *Sobre o Coidado da Casa Común*
por Isabel Vilalba Seivane 51

Achegas

Unha conversa coa poesía de Tito Suárez Pérez
por Ramón Cao Martínez 67

Sínodo de mulleres. Ergamos a voz
por Marisa Vidal Collazo 75

Entrevista a Fernando García Cadiñanos, bispo de Mondoñedo-Ferrol
por Manuel Regal Ledo 87

In memóriam

Darío Xohán Cabana
por Armando Requeixo 91



Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 97

Recensión

Mujer, Biblia y sociedad. Libro homenaje a Mercedes Navarro Puerto
por Mabel Ruiz Ruiz 114

Índice xeral do ano 2021

por Ramón Díaz Raña 117

Ilustracións

por Soedade Pite 19, 93



O 23 de Outubro de 2021 celebramos en Santiago de Compostela, no salón de actos do colexio da Compañía de María, o noso XXXV Foro «Relixión e Cultura en Galicia», este ano dedicado á «Teoloxía política do papa Francisco».

A lectora ou o lector poderá atopar neste número a presentación xeral do Foro que fixo, como apertura, José María Fernández Vázquez, destacando as principais liñas de forza do tema en cuestión.

A continuación publicamos os tres relatorios principais. No primeiro, Carlos García de Andoin afonda na teoloxía política de Francisco. Ancorado na teoloxía do pobo, o autor fai un cumprido repaso polos principios fundamentais que vertebran a concepción xeopolítica do papa arxentino. Estes principios están expresados en documentos tan importantes como *Evangelii Gaudium*, *Laudato si'* ou *Fratelli Tutti*.

No segundo dos relatorios, Sebastián Mora Rosado focaliza a atención na concepción da economía de Francisco. Decididamente crítico cunha concepción neoliberal do mercado que descarta, exclúe e mata, o Papa alenta unha economía que estea ao servizo das persoas e dos pobos, posibilitando unha vida digna con terra, teito e traballo.

Isabel Vilalba dialoga co maxisterio social do papa Francisco desde un fondo coñecemento da realidade labrega de Galicia. Tendo como marco fundamental *Laudato si'* a autora analiza o amplo abano de problemas ambientais e sociais que se presentan como desafíos e oportunidades para o rural galego, sendo moi crítica con certos proxectos empresariais, de recente implantación no noso país, cun escuro fondo de inhumanidade.

Ramón Cao introduce ao lector no universo poético de Tito Suárez Pérez, que acaba de publicar *El tiempo y la carne*, un fermoso libro de poesía e prosas breves que recolle catro poemarios de singular factura.

Manolo Regal contribúe neste número con dous traballos ben interesantes. Ademais da súa sempre nutrida rolda de Igrexa,

publicamos tamén a entrevista que lle fixo ao novo bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos. Ogallá que os bos desexos que expresa o novo bispo nesas liñas se convertan, co tempo, en ventureiras realidades.

Marisa Vidal Collazo achéganos ao Sínodo das Mulleres, promovido pola *Catholic Women's Council*, para reflexionar en comunidade a nivel mundial sobre o papel das mulleres na Igrexa.

Armando Requeixo lembra ao recentemente finado poeta, novelista e tradutor de Roás, Darío Xohán Cabana. O inxente da súa obra ben merece o noso sincero recordo.

Neste número engadimos, tamén, os índices do ano, elaborados xenerosamente por Ramón Díaz Raña.

Cunha recensión de Mabel Ruiz sobre o libro de homenaxe á biblista Mercedes Navarro, xunto cos debuxos de Soedade Pite, pechamos este número 225 co que tamén finalizamos o ano 2021.

Pedro Castelao